

BASES

2º CONCURSO DE CHÍOS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO DO RODOLFO UCHA

OBXECTO

O CIFP Rodolfo Ucha convoca a segunda edición do concurso de chíos contra a violencia de xénero para subliñar o noso máis profundo rexeitamento de todas aquelas actitudes machistas e aqueloutras que se poidan tipificar coma de violencia contra as mulleres.

PODEN PARTICIPAR

Alumnado matriculado no 2020-2021 e resto da comunidade educativa do CIFP Rodolfo Ucha.

REQUISITOS

Cada participante, de pertencer ao alumnado, deberá identificarse co nome e apelidos e máis o curso, ciclo e réxime no que estea matriculado. De formar parte do profesorado ou do PAS abondará co nome e apelidos.

MODO DE PARTICIPACIÓN E FORMATO

Cada participante **presentará a concurso un máximo de tres chíos escritos en galego publicados baixo a etiqueta #ViolenciaDeXeneNON e que remitirá tamén ao enderezo de correo concursos@cifprodolfoucha.es**

Cada chío enviado non poderá superar os 100 caracteres.

No **corpo do correo constarán os requisitos** (o nome e apelidos da persoa concursante, o curso, ciclo e réxime no que está matriculada, se é o caso). O **asunto** do correo electrónico será **2º Concurso de chíos**.

Os chíos serán da autoría do/da participante e **achegaranse en formato pdf ao correo**(se son varios chíos poden ir todos no mesmo pdf).

Os/as participantes cederanlle ao CIFP Rodolfo Ucha o dereito para reproducir, parcial ou totalmente, os chíos nos medios que o centro considere oportunos (revista impresa e/ou dixital, páxina web, obxectos publicitarios do centro, etc.), sempre citando a autoría.

Non se admitirá chío ningún que non cumpra coas presentes bases ou que se envíe fóra de prazo e/ou forma.

PRAZO

As obras poderán enviarse á dirección sinalada (concursos@cifprodolfoucha.es) até as 15.00h do xoves día 10 de decembro de 2020.

XURADO

O xurado estará integrado por dous membros do alumnado, un da dirección do centro outro do profesorado e outro do persoal de administración e servizos (PAS).

Os membros do xurado non poden optar a premios.

As decisións do xurado serán tomadas por maioría e serán irrevogables. Para seleccionar o chío gañador terase en conta, por suposto, que faga referencia á temática do concurso, que teña forza e orixinalidade e que estea sintacticamente ben construído e sen faltas de ortografía. O xurado non coñecerá a autoría das obras até despois de emitir **o seu fallo que se publicará na páxina WEB do centro** antes de que comecen as vacacións de Nadal.

PREMIOS

Os premios resérvanse só aos participantes que formen parte do alumnado e serán en forma de tarxeta-regalo ou bono para investir en calquera departamento dunha cadea comercial.

Establécense **segundo as condicións de participación seguintes:**

A. De presentárense até vinte persoas membros do alumnado:

Un único premio: **unha tarxeta-regalo de 20€**

B. De presentárense máis de vinte persoas membros do alumnado:

Primeiro premio: **unha tarxeta-regalo de 20€**

Segundo premio: **unha tarxeta regalo de 10€**

No caso "B", o primeiro premio poderá anularse, se o xurado estima que ningún chío ten, dentro da temática pedida, a calidade suficiente para recibilo ou incumpre os requisitos. Tamén o xurado resérvase o dereito de declarar deserto o concurso se os chíos presentados non acadan un mínimo de forza ou orixinalidade ou se saen do obxecto, normas e/ou formato do concurso.

ADHESIÓN

A participación neste concurso supón a aceptación das súas bases.